



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

BANDO

Francisco Javier Gestal Pose, Alcalde-Presidente do Concello de Carral, por medio do presente bando

FAI SABER:

QUE AUGAS DE GALICIA VEN DE COMUNICAR AO NOSO CONCELLO A ACTIVACIÓN DO ESCENARIO DE **PREALERTA POR ESCASEZA MODERADA** DE AUGA E O ESCENARIO DE **SECA PROLONGADA** NO NOSO TERRITORIO, A TRAVÉS DA OFICINA TÉCNICA DA SECA DA XUNTA DE GALICIA.

- A prealerta por escaseza moderada de auga implica que non hai risco de abastecemento para a poboación en sentido estrito, pero os indicadores apuntan a un incremento do risco a medio prazo.
- O escenario de seca prolongada pode producir deterioracións temporais no estado das masas de auga e importantes reducións temporais nos caudais dos ríos.

POR ESTE MOTIVO, o **concello de Carral inicia unha campaña de concienciación cidadá** e un control axeitado dos usos da auga no municipio.

PÍDESE AOS VECIÑOS QUE ADOPTEN AS SEGUINTE **MEDIDAS PARA AFORRAR AUGA:**

- **Reparar billas ou tubaxes danadas para evitar perdas de auga**
- **Priorizar os usos domésticos da auga:**
 - o **Regar a horta e xardín ás últimas horas do día, empregando rega por goteo.**
 - o **Evitar encher as piscinas cun mantemento axeitado**
 - o **Evitar o lavado de coches**

En Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

O alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose